

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APROBADA HOXE POLO PLENO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a celebración do Ano Internacional da síndrome de Asperger

“O ano 2006 é o Ano Internacional sobre a síndrome de Asperger, con motivo dos 100 anos do nacemento do pediatra austríaco Hans Asperger.

En 1944, Hans Asperger, un pediatra austríaco, publicou un artigo nunha revista alemana de psiquiatría e neuroloxía onde describía a un grupo de nenos con características similares, moi peculiares, que el non vira antes. Actualmente, esta síndrome coñécese co nome de síndrome de Asperger e sitúase dentro dos trastornos xeneralizados do desenvolvemento: alteración cualitativa da relación social; patróns de comportamento, intereses e actividade do individuo. Na actualidade, o gran reto atópase na formación de profesionais encargados da educación e o tratamento das persoas con síndrome de Asperger. O crecente interese que esta síndrome espertou na comunidade científica internacional permite que se avance e afonde no coñecemento sobre as características definitorias, o perfil neuropsicolóxico específico e as estratexias educativas máis axeitadas para potenciar ó máximo o desenvolvemento e a calidade de vida destas persoas. Resulta fundamental, por tanto, coñecer con exactitude as necesidades das familias nas que un dos seus membros recibiu o diagnóstico de síndrome de Asperger e crear grupos de apoio e asesoramento que lles axuden a comprender e manexar adecuadamente os problemas derivados da convivencia diaria, como na nosa comunidade ven facendo a “Asociación Galega de familias de persoas afectadas pola síndrome de Asperger”, ASPERGA.

Este Parlamento neste Ano Internacional manifesta o seu apoio a esta institución, a tódalas persoas e familias afectadas pola síndrome de Asperger e insta a tódolos organismos implicados a artellar os medios necesarios para que se poida levar a cabo a planificación de programas educativos especializados, o tratamento clínico apropiado e o apoio profesional ás familias afectadas”.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 06.